



MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS DO MONOLITO EN HOMENAXE AO PROFESORADO, EN RECOÑECIMENTO A SÚA LABOR DOCENTE ANO 2022

En Lugo, a 29 de marzo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte dona Lara Méndez López, Alcaldesa, que actúa en nome e representación do Concello de Lugo, con N.I.F P-2704100-C e con sede social na Praza Maior, 1, CP 27001, Lugo, segundo o disposto no artigo 21.1 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte don José Tomé Roca, Presidente, que actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, segundo o disposto no artigo 34 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ante don Justo Díaz Rodríguez, Vicesecretario accidental do Concello de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO: O convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo co obxecto de colaborar nos gastos derivados do monolito en homenaxe ao profesorado, en recoñecemento a súa labor docente, ano 2022, formalizouse o 22 de decembro de 2022.

SEGUNDO: A Intervención do Concello pon de manifesto a imposibilidade de cumprir co prazo de xustificación establecido na cláusula cuarta do convenio de referencia (establecido na data límite do 30 de marzo de 2023) xa que se necesita un recoñecemento extraxudicial de crédito para realizar o pagamento da factura polos servizos executados dentro do obxecto do convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula cuarta do convenio formalizado o 22 de decembro de 2022 que quedará redactada no seguinte senso:

- CLÁUSULA CUARTA.- Réxime económico.

“(..)

XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.

O Concello de Lugo, achegará, como data límite do 31 de maio de 2023, á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

(...)”.

SEGUNDA. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 22 de decembro de 2022, esta modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente modificación, que consta de 2 páxinas na data *ut supra*, do que como Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo que dou fe.


A ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO

Asinado: Lara Méndez López



O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Asinado: José Tomé Roca



O VICESECRETARIO ACCIDENTAL DO CONCELLO DE LUGO

Asinado, Justo Díaz Rodríguez

